

# Situación de aprendizaxe

## Título: Só lles falta falar

### CONTEXTO FORMAL

CEIP Abelendo.

*Esta situación de aprendizaxe está deseñada para grupos mixtos con alumnado de 1º e 2º de Primaria Estes grupos estarán conformados por 6 alumnos de 1º e 8 de 2º.*

*Levarase a cabo no primeiro trimestre, no mes de outubro no caso do primeiro grupo mixto e no mes de novembro no caso do segundo grupo.*

### XUSTIFICACIÓN

*Esta unidade parte dun dos principais centros de interese do alumnado, detectado na avaliación inicial tras a conversa con outras mestras do centro: os animais.*

*Ademais, o obxectivo é visibilizar e achegar ao alumnado a outras realidades presentes na súa contorna, fomentando o respecto da diversidade lingüística, cultural, social, persoal... Igualmente, fomentarse o coidado da contorna e da natureza en xeral.*

*Tamén se contribúe á consecución dalgúns ODS da ONU, tales como:*

- 4. Educación de calidade*
- 10. Redución das desigualdades*
- 12. Produción e consumo responsables*
- 15. Vida de ecosistemas terrestres*

*A contribución ao perfil de saída das competencias clave é a seguinte:*

*CC.SS: Obxectivo 1 (CCL, STEM, CD, CCEC)*

*LGL: Obxectivo 1 (CCL, CP, CC), Obxectivo 6 (CCL, CD, CPSAA, CC, CE)*

### DESCRIPCIÓN

*Nesta situación de aprendizaxe o alumnado vai aprender a recoñecer diferentes linguas da súa contorna a través da busca de información para crear unha exposición lingüística aberta a toda a comunidade educativa.*

*Tamén aprenderá a valorar e apreciar aos animais e a natureza, mantendo actitudes de respecto a través da alfabetización informacional e a reflexión persoal para contribuír á creación dun mundo máis sustentable.*

## METODOLOXÍA

*Empregarase unha metodoloxía activa, inclusiva, participativa e respectuosa coas características e necesidades do alumnado*

- |                                                                        |                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> Aprendizaxe baseado no pensamento. | <input type="checkbox"/> Clase invertida.                          |
| <input type="checkbox"/> Aprendizaxe baseado en problemas              | <input type="checkbox"/> Gamificación.                             |
| <input checked="" type="checkbox"/> Aprendizaxe baseado en proxectos.  | <input type="checkbox"/> Aprendizaxe por descubrimento.            |
| <input type="checkbox"/> Aprendizaxe baseado en retos.                 | <input type="checkbox"/> Pensamento computacional.                 |
| <input type="checkbox"/> Estacións de aprendizaxe.                     | <input checked="" type="checkbox"/> Técnicas e dinámicas de grupo. |
| <input checked="" type="checkbox"/> Aprendizaxe cooperativo.           | <input checked="" type="checkbox"/> Explicación gran grupo.        |
| <input type="checkbox"/> Pensamento de deseño.                         | <input checked="" type="checkbox"/> Centros de interese.           |
| <input type="checkbox"/> Aprendizaxe – servizo.                        | <input checked="" type="checkbox"/> Obradoiros.                    |
| <input type="checkbox"/> Aprendizaxe por contrato.                     | <input type="checkbox"/> Outras:                                   |
| <input type="checkbox"/> E- learning.                                  |                                                                    |
| <input type="checkbox"/> Visual thinking.                              |                                                                    |

## TAREFA, RETO OU PRODUTO

*O alumnado creará carteis para facer unha exposición colectiva no centro. Estes carteis achegarán á comunidade educativa aos termos empregados nos distintos idiomas cooficiais do Estado, así como á Lingua de Signos Española (LSE) para nomear algúns animais. Deste xeito promóvese o respecto pola diversidade lingüística, cultural e persoal, pero tamén se traballará a necesidade de coidar o planeta e o desenvolvemento sustentable.*

## AVALIACIÓN

*Empregaranse diferentes técnicas, ferramentas e instrumentos de avaliación.*

- *Técnicas: observación directa, intercambios orais, análise das producións...*
- *Ferramentas para avaliar os criterios: listas de cotexo, rúbricas...*
- *Instrumentos: táboas de indicadores, probas...*

A avaliación sempre será de carácter formativo, favorecendo a retroalimentación e a mellora da aprendizaxe do alumnado. Realizarase unha heteroavaliación durante todo o proceso e tamén ao rematar a unidade. O alumnado tamén poderá realizar unha autoavaliación na derradeira sesión.

# Concreción curricular

## Ciencias Sociais

### 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	TIPO DE INSTRUMENTO	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO ORIENTATIVO
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	<p>Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</p> <p>A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións</p> <p>Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</p>	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Utiliza as TIC de forma segura e seguindo as consignas indicadas</i>	5

### 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	TIPO DE INSTRUMENTO	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO ORIENTATIVO
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	<p>Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</p> <p>A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións</p>	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Usa recursos dixitais con axuda</i>	25

# Lingua Galega e Literatura

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	TIPO DE INSTRUMENTO	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO ORIENTATIVO
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Mostra interese e respecto polas distintas linguas e os falantes</i>	30
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Busca información con axuda</i>	30
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Amosa hábitos de uso seguro e saudable das TIC</i>	5
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia.  Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Compara aspectos básicos do galego e o castelán</i>	30

	<p>competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.</p> <p>Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.</p>			
--	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	TIPO DE INSTRUMENTO	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO ORIENTATIVO
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	<p>Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</p> <p>A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.</p>	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Mostra interese polas distintas linguas</i>	25
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	<p>Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet.</p> <p>Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.</p> <p>Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p>	<input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita	<i>Adopta hábitos seguros no uso das tecnoloxías.</i>	25

<p>CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia.</p> <p>Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.</p> <p>Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Táboa de indicadores <input type="checkbox"/> Proba escrita</p>	<p>Compara aspectos básicos das linguas</p>	<p>25</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------	-----------

# Secuenciación Didáctica

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- *Material funxible: rutina Vexo, penso, preguntome; cartolinas; ceras; tesoiras; cola...*
- *Materiais de creación propia*
- *Libros de consulta*
- *Vídeos: Koko, desenvolvemento sostible...*
- *Páxinas web: diccionario LSE, Tradutor de Google*
- *Outros: genial.ly, Plickers...*

## AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

*Este apartado será cumprimentado por cada un dos mestres en función dos espazos onde se desenvolvan as actividades levadas a cabo nesta situación de aprendizaxe, así como os diferentes agrupamentos para cada unha delas.*

- Grupos heteroxéneos.
- Grupo de expertas/os.
- Gran grupo ou grupo clase.
- Grupos fixos.
- Equipos flexibles.
- Traballo individual.
- Grupos interactivos.
- Outros:

## DESEÑO DE ACTIVIDADES

**TAREFA 1:** 1ª semana: Koko e outros animais

1. **SESIÓN 1.** 110 min: *Vexo, penso, preguntome. Lectura, conseguir un contrasinal e ver un vídeo con información sobre Koko. Investigación en grupos de expertos: animais en perigo de extinción.*
2. **SESIÓN 2.** 110 min: *Continuación da investigación en grupos de expertos. Posta en común. Desenvolvemento sustentable (+ditados animais como actividade de ampliación se fose necesario).*

**TAREFA 2:** 2ª semana: Animais que “falan”.

1. **SESIÓN 3.** 110 min: *Investigación sobre animais que teñen diferentes sistemas de comunicación. Posta en común. Xogo de repaso.*
2. **SESIÓN 4 e 5.** 220 min: *Elaboración de libriño con despregables “Só lles falta falar”. Xogos didácticos.*

**TAREFA 3:** 3ª e 4ª semana: Exposición “Animais nas túas mans”.

1. **SESIÓN 6.** 110 min: *Selección dun animal, busca do seu signo en LSE, tradución da palabra usando as TIC e posta en común nunha rolda. Xogos didácticos.*
2. **SESIÓN 7.** 110 min: *repaso e consolidación a través dun Trivial por equipos. Elaboración de carteis*
3. **SESIÓN 8.** 110 min: *Elaboración de carteis. Xogo final: Plickers (preguntas sobre os termos traballados en galego, castelán e LSE, sustentabilidade...). Autoavaliación.*